


Ara a Bandve Aetiobriego de Codosedo

06004701

Datos de Localización

Ara

Inmoble:	Inmoble indeterminado
Localización:	Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense
Coord. UTM	X: 61573774 Y: 466659948
Concello:	Sarreaus
Parroquia:	CODOSEDO
Lugar:	Codosedo
Tipoloxía:	Epigrafía
Tipo:	Aras
Subtipo:	Ara
Denominación:	Ara a Bandve Aetiobriego de Codosedo



Características

Etapa Histórica Época Romana

Estilo:

Descrición:

Trátase dunha ara votiva descuberta por Barros Sivelo, a mediados do século XIX, cerca da Igrexa de Santa María de Codosedo. Logo de máis dun século ilocalizada, apareceu en 1999 tirada no estreito camiño que sube á igrexa, despois de derrubarse o muro da casa no que estaba embutida. A ara ingresou nese mesmo ano no Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

A peza está moi mutilada, froito do repicado que sufriu para poder adaptala como sillar no muro. Na súa cara superior perdeu os rolos e o fóculo; tamén lle foron eliminadas as cornixas agás a do lado lateral esquerdo, que ten unha altura de 11 cm e sobresaie ata 3 cm; igualmente foille picada a base. Na parte inferior, sobre o eixe central, foi labrado un curioso contorno de plano rebaixado. A súa parte superior, redondeada, ten unha anchura de 2 cm, para despois estreitarse e volverse abrir, esta vez con suave perfil en curva cara fóra. Puidese ser para encaixar unha peza metálica.

Presenta unha inscrición en cinco liñas, con letras que oscilan entre os 6,5 cm. e os 4 cm. de altura. O epígrafe está perdido na parte superior esquerda, polo que non se conservan os nomes do adicante e do seu pai.

Inscrición:

[- - -]Civs
[-] VII F Ba
ndveae[-]
iobriego
V [L] . A . S

Interpretación:

[Mar?]civs
[R(?)VII F(ilius) Ba

[n]dv(a)e Ae[t?]

iobriogo

V(otum) L(ibens) A(nimo) S(olvit)

Tradución:

Marcus (?), fillo de Ruus(?), fai esta adicatoria a Bandua de Ae(t)iobriogo (?), cumprindo o seu voto con ánimo alegre. (Rivas Fernández; *Bol. Aur.*, XXIX, p. 39).

O teónimo *Aetiobriogo*, ou *Aeliobriogo*, pola súa desinencia *-briga*, podería estar facendo referencia, ao igual que ocorre no caso de *Bandue Lansbrica* para o castro de Las, a unha paraxe elevada ou fortificada existente na zona, tal vez ao castro de Codosedo.

Datación:**Autoría:****Materiais:** Granito**Carac. Técnicas:** Labrado**Alto:** 56 cm.**Ancho:** 34 cm.**Profundo:** 30 cm.**Diámetro:** 0 cm.**Perímetro:** 0 cm.**Peso:** 0 Kg.**Capacidade:** 0**Xilófagos:** **Perda Policromía** **Perda Material:** **Observacións:** Segundo o artigo 60 da Lei de 16/1985 do Patrimonio Histórico Español, este ben moble está sometido ao réxime establecido para os Bens de Interese Cultural.

Debido a que se descoñece o punto exacto de aparición, cubriuse o campo "Localización" con coordenadas aproximadas.

Bibliografía:

AA.VV., "Sobre los trabajos de Fray Pedro Cid y del Sr. Ramón Barros Sibelo para ilustrar el segundo camino de Braga a Astorga", en *Boletín de la Real Academia de la Historia*, t. I, Madrid, 1877, p. 184.
 BARROS SIVelo, R., *Antigüedades de Galicia*. A Coruña, 1875, pp. 180-181.
 BLÁZQUEZ MARTÍNEZ, J. M^a., *Religiones primitivas de Hispania*. Roma, CSIC, 1962, pp. 58-59.
 FERREIRA BANDEIRA, F. e MENDES DE ALMEIDA, J., "Uma árula a Banduaetobricus", en *Cinimbriga*, XV, Universidade de Coimbra, 1976, pp. 139-142.
 FITA COLOMER, F., "Lápidas romanas de Mosteiro de Ribeira, feligresía de Ginzo de Limia en la provincia de Orense", en *Boletín de la Real Academia de la Historia*, t. LVIII, 1911, p. 339.
 GARCÍA, J. M., "Contributo para a comprensión das divindades do "Grupo Band-" Uma nova ara", en *Cinimbriga*, XV, Universidade de Coimbra, Coimbra, 1976, pp. 147-150.
 HÜBNER, E., *Inscriptiones Hispaniae Latinae*. Academiae Scientiarum Berolinensis et Brandenburgensis, Berlín, 1869, CIL II, nº 2015.
 LORENZO FERNÁNDEZ, X., *Inscriptiones romanas de Galicia. IV. Provincia de Orense*. CSIC, Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, Santiago de Compostela, 1968, p. 90, nº 86.
 NAVASCUACES, J. M^a de, e TOVAR, A., "Algunas consideraciones sobre los nombres de divindades del Oeste peninsular", en *Boletín de Filología*, XI, Lisboa, 1950, p. 181, nº 44.
 RIVAS FERNÁNDEZ, J. C., "Reaparición de la CIL II. 2515 y consecuente rectificación a una tesis propia", en *Boletín Auriense*, t. XXIX, Ourense, 1999, pp. 39-46.

- RODRÍGUEZ COLMENERO, A., *Galia meridional romana*. Universidad de Deusto, Bilbao, 1977, p. 313.
- RODRÍGUEZ COLMENERO, A., *Aquae Flaviae. I. Fontes epigráficas da Gallaecia meridional interior*. Cámara Municipal de Chaves, Chaves, 1997, pp. 144-145.
- RODRÍGUEZ COLMENERO, A., "Sobre un supuesto error epigráfico-histórico. Correcciones al ara de Bandua Aetobricus de Codosedo (Ourense) y a otros epígrafes de su amplio entorno", en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, t. XLVII, nº 113, Santiago de Compostela, 2000, pp. 27-49.
- TOVAR, A., "La sonorización y caída de las intervocálicas y los estratos indoeuropeos en Hispania", en *Boletín de la Real Academia Española*, t. XXVIII, Madrid, 1948, p. 273.
- TRANOY, A., *La Galice romaine*. Ed. De Boccard, París, 1981, p. 279.
- VÁZQUEZ NÚÑEZ, A., "La epigrafía latina en la provincia de Ourense", en *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Ourense*, t. I, nº 2, Ourense, 1898, p. 28.
- VIVES, J., *Inscripciones latinas de la España romana*. Barcelona, 1971, p. 85, nº 761.
- Revista *Hispania Epigraphica* (HEp-1997), nº 7, Servicio de publicaciones de la Universidad Complutense, Madrid, 2001, pp. 217-218.

Documentación:

